

**Plano
de normalización
lingüística
da Universidade
da Coruña**



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Servizo de Normalización Lingüística

Depósito Legal:

Sumario

Presentación	7
Introdución	15
Metodoloxía de traballo	18
Análise da situación sociolingüística	
1. Situación legal da lingua galega	
1.1. A nivel internacional	23
1.2. A nivel europeo	23
1.3. A nivel do Estado español	24
2. O galego na UDC	
2.1. Normativas	27
2.2. Diagnóstico	27
2.3. Os usos lingüísticos na UDC	32
2.4. Recursos humanos e materiais na UDC	35

Plano de normalización lingüística

1. Obxectivos xerais	41
2. Obxectivos específicos	
2.1. A comunidade universitaria	42
2.2. O persoal docente e investigador	42
2.3. O estudantado	43
2.4. O persoal de administración e servizos	43
2.5. Ámbito das relacións da UDC coa sociedade	43
3. Medidas	
3.1. A comunidade universitaria	44
3.2. O persoal docente e investigador	46
3.3. O estudantado	47
3.4. O persoal de administración e servizos	48
3.5. Ámbito das relacións da UDC coa sociedade	49
4. Consideracións finais	50



Presentación



A Universidade da Coruña, aínda nova, é continuadora dunha longa tradición universitaria ligada a Galicia. Somos novos e somos vellos, como o son as cidades, coa memoria conservada do pasado e o pulo por innovar e construír. A poucos pasos da Reitoría da Maestranza, na Cidade Vella da Coruña, ten a súa sede a Real Academia Galega. Pegado a nós e sobre a entrada da baía, o edificio da Fundación Luís Seoane fálanos de modernidade e faino tamén en galego. Este é o noso mapa físico, mais tamén cultural.

Como xentes da universidade, non podemos deixar de ser conscientes da importancia da lingua galega como patrimonio social e cultural que debe ser protexido. Debémonos ao que somos e a onde vivimos. Así o entendeu o Consello de Goberno da UDC cando aprobou un Regulamento de usos da lingua galega, xa en vigor, e cando comezou o proceso para nos dotar dun Plano de normalización lingüística, o que agora se presenta.

Con este plano ratificamos o noso compromiso coa normalización da lingua galega, que non é só compromiso legal, mais froito dunha convicción que mesmo pode ser chamada moral. A preservación da lingua propia, tal como nós a entendemos, forma parte inseparable da nosa vocación europea, pois a Europa do espazo de educación superior, onde estamos a nos integrar, é precisamente exemplo de harmonización da pluralidade cultural e lingüística.

De pouco serviría este plano sen a cooperación do estudiantado, do persoal docente e do persoal de administración e servizos. Eles, elas, dispoñen agora dun instrumento eficaz para a mellor adaptación dos nosos usos lingüísticos aos da comunidade en que nos integramos. Estou seguro de que, tal como fixemos ata agora, percorrерemos xuntos este camiño.

Xosé María Barja

Reitor da Universidade da Coruña

Cando iniciamos esta última etapa de goberno, a situación da lingua galega na Universidade da Coruña era ben preocupante. Non vou referirme máis unha vez ao informe do profesor Álvarez Sousa, que corresponde a aquel momento, malia que o feito de continuar a ser a única diagnose profunda poida agochar o realizado nestes últimos anos. Non vou lembrar tampouco agora a hostilidade mesmo choqueira, e no fondo pailana, con que a lingua galega era tratada en determinadas instancias de poder local, co impacto que esas actitudes podían ter en sectores inseguros da sociedade. Cada quen apande cos seus problemas non resoltos. O certo é que a vontade de mudarmos o papel residual ou basicamente cerimonial da lingua galega precisaba de instrumentos ben máis axeitados que unha soa funcionaría e un orzamento simbólico. A base normativa estaba posta, pois para alén do marco legal galego, os Estatutos da UDC recoñecían desde a primeira redacción o carácter da nosa lingua como propia da institución. Por aí comezamos.

Desde aquela, temos percorrido moito treito en dotación de medios humanos, orzamentarios e normativos. A colaboración coas outras universidades galegas é excelente. Compartimos con elas un premio a iniciativas normalizadoras que naceu precisamente aquí. As publicacións do Servizo de Normalización Lingüística esgótanse. A web é útil. As moi numerosas chamadas ao 1042, na Coruña, ou ao 3683, en Ferrol, teñen sempre resposta rápida e eficaz. Hai cada vez máis comisións de normalización lingüística nos centros. Para chegarmos a este punto, moito debemos agradecer o esforzo de Goretti Sanmartín Rei, a anterior directora do Servizo, agora continuado por Xosé Ramón Freixeiro. Máis importante aínda que calquera labor individual, por canto significa para o futuro, é a constatación de que hoxe, entre estudantes, docentes e PAS hai un clima favorable á normalización da lingua galega, que é entendida como patrimonio común e nunca de parte, como riqueza cultural e mesmo como modernidade. Ou abondaría dicir que estamos cómodos sendo quen somos? En galego, con naturalidade.

Estas circunstancias favorables explican, sen dúbida, que o actual Regulamento de usos da lingua galega fose aprobado practicamente por unanimidade ou que o Plano de normalización lingüística, que aquí se presenta, chegue sen votos en contra. Porén, aínda fica moito por facer, como resulta evidente para calquera observador sen preconceptos. Para iso precisamos deste plano. A situación da lingua galega é irregular segundo de que sectores ou usos esteamos a falar. Por poñer o exemplo máis visible, é evidente que os avances foron ben cativos na docencia, que continúa a ter o castelán como instrumento case exclusivo. É evidente tamén que, malia os avances nos usos escritos, o uso oral precisa de reforzos. Haber haberá sempre irreductibles, mais non é este o caso do noso persoal de administración e servizos, que está a ser exemplar neste proceso de normalización, aspecto este do que quero deixar constancia expresa.

O Plano de normalización lingüística non é un prontuario máximo que vaia resolver por si mesmo calquera problema. Non é, moito menos, un corsé legal de obrigado cumprimento. Será o que entre todos e todas queiramos que sexa, exactamente igual que o futuro da lingua galega na nosa universidade. Aquí temos unha diagnose e unhas posibles solucións, froito dunha reflexión colectiva. De nós depende, exclusivamente, a necesaria normalización da lingua ou debera dicir, sen máis, normalidade?

Luís Caparrós Esperante

Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación

Un dos obxectivos prioritarios do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña desde o momento en que a profesora Goretti Sanmartín Rei se fixera cargo da súa dirección no ano 2003, como consecuencia do relevo producido no goberno da UDC, foi a elaboración dun Plano de normalización lingüística que dotase a nosa institución dun instrumento necesario para impulsar a presenza da nosa lingua en todos os ámbitos da comunidade universitaria. O relevo na dirección do SNL levado a cabo cando o proceso de redacción do plano xa estaba avanzado non fixo variar o obxectivo fixado, de modo que o Consello de Goberno, na reunión do 14 de decembro de 2006, aprobou definitivamente e sen ningún voto en contra o texto previamente elaborado por unha comisión representativa dos diferentes sectores e estamentos da comunidade universitaria.

Xa con anterioridade, o Consello de Goberno aprobara tamén o Regulamento de usos da lingua galega na UDC, que supuxo un paso adiante importante na tarefa de dar cumprimento ás disposicións estatutarias que declaran o galego como lingua propia da institución; e para dar cumprimento tamén á propia Lei de normalización lingüística, aprobada por unanimidade no Parlamento galego no ano 1983, que marca a obriga de as institucións públicas impulsaren a normalización da lingua galega no seu ámbito competencial, en coherencia igualmente co disposto no Estatuto de Autonomía, onde se declara o galego como lingua propia da Comunidade Autónoma. Por outra parte, no Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade de todas as forzas políticas no Parlamento galego no ano 2004, sinalábase como punto débil a carencia dun plano de normalización lingüística da UDC.

Así pois, o Plano de normalización lingüística vén dar satisfacción a unha necesidade existente no ámbito da promoción do idioma propio da institución e, ao mesmo tempo, responde a unha demanda da comunidade universitaria. O Servizo de Normalización Lingüística, como canalizador e impulsor do proceso da súa elaboración, séntese, pois, moi satisfeito pola colaboración e o apoio das diferentes instancias universitarias na realización do plano e, moi especialmente, polo traballo eficaz da Comisión que se encargou da súa materialización, así como polas achegas das comisións de normalización lingüística dos centros en que se constituíron e de persoas a título individual. É este carácter aberto e participativo seguido no proceso de redacción e aprobación do plano unha boa base para a súa posta en práctica.

A normalización da lingua galega, patrimonio común de todos os galegos e galegas que as institucións públicas teñen a obriga de defender, debe ser un elemento de unión entre todos os membros da comunidade universitaria e obxectivo común dos diferentes sectores que a integran. De aí a necesidade de que todas as persoas que pertencemos á institución colaborem na posta en marcha deste plano. Con esa colaboración firme e decidida será como as medidas previstas nel se poderán levar a cabo de forma consensuada e efectiva.

Xosé Ramón Freixeiro Mato

Director do Servizo de Normalización Lingüística



Introducción



A consideración da promoción da extensión de usos da lingua galega como un obxectivo estratéxico da Universidade precisa dunha concreción que os órganos de Goberno da UDC asumiron ao decidiren conformar unha comisión para elaborar un plano de normalización lingüística. Este plano pretende ser, nesta liña, a materialización do compromiso da Universidade da Coruña coa normalización da lingua galega en todos os ámbitos da súa competencia.

A necesidade e a oportunidade de a UDC posuír un plano de normalización lingüística deben ir acompañadas dun amplo consenso entre a comunidade universitaria, pois é conveniente que todos os membros desta fagan seu o compromi-

so coa promoción do uso da lingua propia da institución. O proceso de normalización da nosa lingua, como núcleo central da nosa identidade, debe implicar todas as persoas que traballan ou estudan no ámbito da UDC, pois todas poden contribuír á normalización do idioma galego.

Existe, ademais, unha importante demanda da comunidade universitaria a respecto da acción normalizadora, un feito corroborado nos diferentes estudos existentes e que a UDC debe atender, situando a extensión dos ámbitos de uso do galego, como máis un factor de calidade e de excelencia, nun plano central da política universitaria para os próximos anos.





Metodología de trabajo

O 29 de abril de 2005 o Consello de Goberno aprobou a creación da Comisión para a Elaboración do Plano de Normalización Lingüística. Nela integráronse os membros que se relacionan a continuación e que comezaron os seus traballos o 10 de maio de 2005:

D. Luís Caparrós Esperante

Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación

D.^a Goretti Sanmartín Rei¹

Directora do Servizo de Normalización Lingüística

Profesorado

D. Xosé Ramón Freixeiro Mato

Ámbito de Humanidades

D. Antón Álvarez Sousa

Ámbito de Ciencias Sociais e Xurídicas

D. Primitivo González López

Ámbito de Ensino Técnico

D. Eduardo González Gurriarán

Ámbito de Ciencias Experimentais

D. Ramón Fernández Cervantes

Ámbito de Ciencias da Saúde

1. Foi substituída neste cargo o 30 de xuño de 2006 por D. Xosé Ramón Freixeiro Mato. Ao estaren xa os traballos moi avanzados e formar parte o novo director do Servizo da Comisión que preparou o documento que se presenta, decidiuse non incorporar outro membro do profesorado polo ámbito das Humanidades.

Estudantado

D.^a Avia González Veira
D. Miguel Ratón Almuíña
D. Juan Ignacio Doce Díaz

PAS

D. Salvador Peña Díaz
D.^a Pilar Comesaña Pérez
D.^a Susana Carballal Graña

Unha das primeiras medidas que se acordaron foi o fomento da creación de comisións de normalización nas escolas e facultades, coa intención de recoller directamente as propostas dos centros, de iniciar unha colaboración e propiciar a fluidez da comunicación entre a comunidade universitaria e o Servizo de Normalización Lingüística, un servizo con xa unha importante implantación nos servizos centrais mais con escasa presenza práctica e directa na vida diaria nos ámbitos da docencia e da investigación.

A formación destas comisións (que aínda carecen da suficiente solidez e implantación) supuxo un proceso lento mais frutífero e, finalmente, recolléronse importantes propostas para o debate, cuxos contidos foron incorporados ao texto que presentamos como documento de discusión. A redacción, pois, deste documento, para alén de recoller as propostas dos diferentes sectores (profesorado, alumnado e persoal de administración e servizos), responde aos intereses e ás preocupacións colectivas, incluíndo aquelas cuestións que os propios centros debateron e consideraron prioritarias e factibles, nunha liña de realismo que a Comisión quixo sempre transmitir.

A partir deste momento, a proposta someterase á aprobación, se proceder, dos órganos de goberno da UDC, os encargados, finalmente, de a valorar, de a executar e de a avaliar.





**Análise
da situação
sociolingüística**



1. Situación legal da lingua galega

1.1. A nivel internacional

O recoñecemento dos dereitos lingüísticos é hoxe un feito incuestionable por parte da comunidade internacional, algo que se traduce en diferentes regulamentos e recomendacións aprobados pola maioría dos gobernos e interiorizados como formantes dun corpus xeral de lexislación que pretende pór en valor a pluralidade lingüística e a diversidade cultural como valores fundamentais das sociedades modernas.

Nesta liña, xa na *Declaración universal dos dereitos humanos*, aprobada en 1948 pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas, se establece que ningunha persoa pode ser discriminada, entre outras causas, polo idioma que utiliza, de tal maneira que o uso dunha determinada lingua é considerado un dereito fundamental.

1.2. A nivel europeo

O documento máis importante neste espazo é a *Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias*, un texto consensuado en Estrasburgo en 1992 e ratificado polo Estado español no ano 2000. A pesar de utilizar unha terminoloxía pouca acaída co caso galego, a importancia da Carta radica no feito de considerar un dereito imprescritible o de practicar unha lingua rexional ou minoritaria na vida privada e pública. Nesta liña, tal documento entende que “a protección e a promoción das linguas rexionais ou minoritarias nos diferentes países e rexións de Europa representan unha contribución importante á construción dunha Europa fundada nos principios da democracia e da diversidade cultural”, unha cuestión que non pode ser obviada polas universidades, cuxo papel na construción dun espazo europeo debe ir acompañado do fomento dos seus específicos valores lingüísticos e culturais.

1.3. A nivel do Estado español

A Constitución española de 1978 establece no seu artigo 3 que o castelán é a lingua oficial do Estado (3.1), mais recoñece que o resto de linguas serán oficiais segundo se sinalar nos respectivos estatutos de autonomía (3.2.).

Pola súa banda, o Estatuto de Autonomía de 1981 no seu artigo cinco expón que o galego é a lingua propia de Galicia (5.1) e será oficial en toda a comunidade xunto co castelán (5.2). Así mesmo, establece que os poderes públicos garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos sociais (5.3).

En 1983 o Parlamento galego aprobou a *Lei de normalización lingüística* coa finalidade de fomentar e difundir o emprego do galego. No artigo 12 establece que o galego será a lingua oficial do ensino en todos os seus niveis. Canto ao ensino universitario, garante o dereito de uso de calquera das linguas oficiais (15.1), así como pondera o emprego da nosa lingua coas medidas oportunas para a súa normalización (15.2).

O 22 de setembro de 2004 o Parlamento galego aprobou por unanimidade o *Plan xeral de normalización da lingua galega*. Nel, despois dunha presentación xeral sobre o camiño avanzado desde a aprobación da *Lei de normalización*

lingüística e da diagnose da situación do galego na actualidade, recolle unha serie de medidas en todos os planos da vida pública.

No seguinte plano sinálanse os puntos fortes e débiles do ensino universitario²:

2. Actualizamos xa algún dos datos que se sinalan, como por exemplo a aprobación do plano de política lingüística da Universidade de Vigo, algo posterior á elaboración do *Plan xeral de normalización da lingua galega*.

Puntos fortes

- + Lexislación favorable para a lingua galega nas tres universidades (nos estatutos respectivos).
 - + A situación das universidades galegas é potencialmente favorable para a lingua e a súa normalización, dado que a maioría do profesorado e do alumnado é orixinario de Galicia.
 - + O alumnado chega á universidade cun coñecemento do galego cada vez máis alto.
 - + O galego é a lingua institucional das universidades galegas.
 - + A administración universitaria realízase en galego, así como a grande maioría dos servizos.
-
- + Na USC aprobouse e púxose en marcha un plano de normalización lingüística no ano 2002.
 - + Na Universidade de Vigo aprobouse en decembro de 2004 e púxose en marcha no ano 2005 un plano de política lingüística.
 - + Existe infraestrutura para a xestión normalizadora (servizos de normalización lingüística).
 - + O Servizo de Normalización Lingüística da USC constitúe un referente de organización e de xestión normalizadora a nivel galego.
 - + Hai recursos económicos para a extensión da lingua galega nas universidades, tanto propios de cada universidade, como procedentes dos convenios coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Puntos débiles

- A normalización lingüística nunca foi considerada un obxectivo prioritario ou estratéxico das universidades.
 - O ensino superior foi desde sempre un espazo moi castelanizado e moi refractario á presenza normal da lingua galega.
-
- A presenza do galego na docencia universitaria segue sendo moi inferior á docencia en castelán.
 - A investigación realízase principalmente en castelán ou en inglés.
 - Existen áreas de coñecemento cunha moi escasa implantación do galego (áreas tecnolóxicas ou científicas, por exemplo).
 - A Universidade da Coruña aínda non aprobou un plano de normalización lingüística.
 - Precariedade dos servizos lingüísticos da Universidade de Vigo e da Universidade da Coruña, sobre todo a nivel de recursos humanos.
 - Faltan recursos humanos propios para levar a cabo os diferentes programas de asesoramento, formación e dinamización.
 - Existe unha escasa coordinación entre a política lingüística das tres universidades.
 - A formación universitaria dos futuros docentes nos distintos niveis de ensino non os capacita suficientemente para desenvolveren o seu labor en galego e para seren axentes normalizadores.

2. O galego na Universidade da Coruña

2.1. Normativas

A Universidade da Coruña establece que a súa lingua propia é o galego, segundo se recolle no artigo 5.2 dos Estatutos, aprobados en 2004. Ademais, subliña que se fomentará o seu uso en todas as actividades.

Por outra banda, existe tamén un regulamento de usos da lingua galega, aprobado en xullo de 2004, onde, para alén de establecer cales deben ser os usos lingüísticos internos e externos da institución, a Universidade asume a responsabilidade, con plena consciencia, de contribuír na normalización da nosa lingua. Alén diso, destaca a necesidade de se dotar dun marco de referencia que indique claramente un modelo que tenda cara a un uso cada vez maior da lingua propia de Galicia, e de propor, asemade, as actuacións que considerar máis axeitadas para contribuír ao proceso de normalización do galego.

2.2. Diagnóstico

2.2.1. A Comunidade Universitaria

Partimos, nesta análise sobre a situación da lingua galega na UDC, do traballo coordinado polo profesor Álvarez Sousa³, cuxos datos foron recollidos a finais de 2003. En grandes liñas, a realidade que reflicte este estudo é a dun uso moi escaso tanto na docencia como na investigación e mesmo a existencia de importantes deficiencias na documentación administrativa e de xestión, un ámbito xa case totalmente galeguizado nas outras universidades galegas. Especialmente preocupantes son os usos orais, cuxa recuperación e potenciación deben ser definidos como factores chave no proceso de normalización de usos do galego na UDC. Como elementos positivos cabería sinalar a alta competencia lingüística do alumnado e, sobre todo, a consciencia

3. Álvarez Sousa, A. (coord.) (2005): *Análise sociolingüística da Universidade da Coruña* (A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña).

cia da comunidade universitaria sobre a necesidade de fomentar máis o emprego da lingua galega. A todo isto hai que lle acrecentar, como elemento esperanzador, a vontade do equipo de goberno de planificar un proceso de extensión de usos do galego.


Presentamos, a seguir, algún dos datos máis relevantes do estudo que citamos.

Comprensión do galego dos membros da UDC			
% que entende, sabe falar, sabe ler e sabe escribir en galego (<i>moi ben + ben</i>)	Colectivos		
	Alumnado	PAS	PDI
Entende	95,97	95,38	92,43
Sabe falar	79,71	68,82	58,84
Sabe ler	92,84	92,15	85,14
Sabe escribir	82,99	70,60	47,11

2.2.2. Análise por sectores

2.2.2.1. Estudantado


Como é habitual, non existe correspondencia entre unha alta competencia -motivada, fundamentalmente, pola incorporación da lingua galega ao ensino primario e secundario- e un uso real moi baixo.



Alumnado da UDC que entende, sabe ler, sabe escribir e sabe falar en galego

2.2.2.2. Profesorado


No caso do persoal docente e investigador, tanto polo factor idade como por existiren persoas de fóra da nosa comunidade autónoma ou que pasaron longas tempadas no exterior, a competencia lingüística en galego é bastante máis baixa que no sector do estudiantado. Este feito tradúcese, dada a proximidade entre galego e castelán, nun dominio bastante elevado das competencias pasivas (entender e ler) e nunha diminución moi substancial dese dominio nas competencias activas (falar e escribir).



PDI da UDC que entende, sabe ler, sabe falar e sabe escribir en galego

2.2.2.3. Persoal de administración e servizos

Canto ao persoal de administración e servizos, o nivel de competencia é bastante alto, aínda que non chega ao do alumnado. Tamén no uso escrito existe unha importante porcentaxe de persoas que emprega o galego, unha cuestión que se explica por se dedicaren a tarefas administrativas e de xestión, cuxo ámbito é un dos máis galeguizados da vida universitaria.



PAS da UDC que entende, sabe ler, sabe falar e sabe escribir en galego

2.3. Os usos lingüísticos na UDC

2.3.1. Internos

Se atendemos ao que recolle o Regulamento de usos da lingua galega na Universidade da Coruña, os usos lingüísticos internos deben facerse sempre en galego, unha cuestión que está practicamente xeneralizada nos documentos de xestión, académicos ou xurídicos, mais que aínda ten eivas claras nas comunicacións formais (oficios, convocatorias de xuntanzas, citacións etc.). Este aspecto, que podería considerarse unha apreciación subxectiva, recóllese perfectamente no dato de existir unha porcentaxe dun 22% do persoal de administración e servizos que emprega sempre o castelán para redactar os documentos internos da Universidade da Coruña. De calquera maneira, desde a aprobación do Regulamento de usos da lingua galega, e tras un proceso de formación e reciclaxe no noso idioma que procurou situar este procedemento como central ao dar a posibilidade de se realizar en horario laboral, estanse a producir certas mudanzas de hábito da escrita que poden supor unha redución desta porcentaxe nun curto prazo de tempo.

2.3.2. Externos

Canto aos usos lingüísticos externos, a situación variou moito desde a aprobación do Regulamento de usos da lingua galega, onde se establece que será o galego a lingua empregada con institucións e entidades públicas e privadas da nosa comunidade autónoma e que existirán versións bilingües (galego/lingua oficial da institución ou entidade receptora) no caso de se dirixiren estas comunicacións a lugares exteriores a Galicia. Porén, a rutina nuns hábitos moi consolidados provoca que as modificacións sexan lentas, e constátase, en ocasións, que non se cumpre o Regulamento de usos da lingua galega.

A respecto da publicidade e das páxinas web, a situación é tamén moi desigual, pois o emprego xeral da lingua galega en todo aquilo que sae dos edificios centrais ou que se publica na páxina web oficial da UDC, non vai acompañado do mesmo tratamento se falarmos de publicidade sectorial ou conveniada con outros actores sociais ou institucionais, nin de páxinas web de centros e departamentos.

2.3.3. Docencia

Canto aos usos da lingua galega na docencia, cómpre repararmos nos seguintes datos, que fan visible a realidade lingüística maioritaria da vida académica ao situar a porcentaxe de emprego do galego (en exclusiva ou como idioma maioritario) na docencia nun 10%.

Lingua que emprega o profesorado para explicar nas aulas			
		Frecuencia	Porcentaxe válida
Válidos	Só galego	36	6,6
	Mayoritariamente galego	13	2,4
	Só castelán	370	67,4
	Mayoritariamente castelán	110	20
	NS/NC	20	3,6
	Total	549	100
Perdidos	Sistema	6	
Total		555	


2.3.4. Investigación

A influencia da avaliación estatal e do feito de se ver como necesario un recoñecemento internacional propician o emprego do inglés e do español como linguas fundamentais da investigación universitaria.


Só un 2,3% do persoal docente e investigador emprega o galego para redactar os traballos científicos e de investigación. Un 9,9% emprega o galego e o castelán. É dicir, en total un 12,2% emprega o galego, quer de xeito exclusivo, quer alternando co castelán.

A grande maioría do PDI da UDC non publicou ningún traballo científico en galego. Só un 26,8% o fixo.

En xeral, o perfil do persoal docente e investigador que utiliza o galego responde aos seguintes trazos: varóns, nados en vilas galegas, fillos de persoas con estudos primarios incompletos ou universitarios e pertencentes ao ámbito científico das Humanidades.



Lingua empregada polo PDI para redactar os traballos científicos e de investigación



Número de traballos científicos publicados en galego

2.4. Recursos humanos e materiais na UDC

O Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña tivo en anos precedentes un problema de carencia de recursos humanos e materiais, que o propio *Plan xeral de normalización da lingua galega* recoñece. A pesar das melloras alcanzadas durante a última etapa, aínda nestes momentos, para alén da persoa que dirixe o Servizo (un docente que non ten ningunha redución da súa carga lectiva), só conta cunha persoa fixa, unha técnica de grao superior.

O traballo que xera o Servizo de Normalización Lingüística esixe (tal e como demostra a propia RPT) un mínimo dun equipo de tres persoas estables, para alén de persoas bolseiras de apoio. Só coa existencia e consolidación dun grupo de traballo poderán irse forxando os perfís máis adecuados para as diferentes tarefas que o servizo debe asumir e que inclúen, para alén do asesoramento lingüístico, a formación e a dinamización.

2.4.1. A formación

Nun intento de superar unha situación en que se consideraba que o Servizo de Normalización era o único responsable da calidade lingüística, converténdoo en moitas ocasións nun simple receptor e tradutor de textos, unha política de formación máis acaída (cunha mudanza cuantitativa e cua-

litativa na oferta) está a potenciar a corresponsabilidade dos textos que cada persoa realiza. A necesidade de actualizar o coñecemento lingüístico, a dispoñibilidade actual de recursos e ferramentas tecnolóxicos e a introdución de contidos máis variados (que van desde a lingua oral e o coñecemento de técnicas de redacción á procura dun estilo adecuado co rexistro e nivel en que nos situamos) foron a liña de traballo fundamental do Servizo nos últimos anos.

2.4.2. O asesoramento lingüístico

Un dos labores fundamentais do Servizo de Normalización Lingüística continúa a ser o de corrección e tradución de textos, ao que hai que acrecentar a resolución de dúbidas puntuais ou o asesoramento telefónico e a través do correo electrónico.

A pesar do esforzo que o Servizo realizou para ofrecer un servizo de calidade e rápido, é evidente que o persoal é insuficiente para unha universidade moi deficitaria, con carencias aínda moi grandes na formación dos seus membros e, sobre todo, con inercias moi grandes que levan a ser o español a lingua en que máis segura se sente a comunidade que a conforma.

2.4.3. Actividades de dinamización

O espazo que estas dúas actividades (a formación e o asesoramento lingüístico) deixan para as accións de dinamización é cativo. Cómpre, por tanto, reforzar esta liña de actuación, cuxo principal resultado foi a creación das comisións de normalización nos seguintes centros:

Facultade de Dereito

Facultade de Ciencias

Facultade de Informática

Facultade de Ciencias da Educación

Escola Técnica Superior de Arquitectura

Facultade de Económicas

Facultade de Filoloxía

Ciencias da Saúde







**Plano
de normalización
lingüística**



1. Obxectivos xerais

- a) Aumentar a sensibilidade da comunidade universitaria sobre o uso do galego.
- b) Velar polo cumprimento das leis e das normativas de que nos dotamos colectivamente (a comunidade universitaria e a sociedade galega) en materia de normalización lingüística.
- c) Garantir a posibilidade de se expresaren en galego, oralmente e por escrito, os membros da comunidade universitaria que o desexaren.
- d) Propiciar que o galego sexa a lingua habitual de comunicación, de expresión e de traballo da comunidade universitaria.
- e) Conseguir para a lingua galega máis espazos de uso e fomentar a súa presenza en sectores estratéxicos.
- f) Promover unha visión de utilidade e de modernidade da lingua galega.
- g) Dotar o galego dos recursos lingüísticos e técnicos necesarios que o capaciten para vehicular a vida moderna.
- h) Impulsar o plurilingüismo na comunidade universitaria.
- i) Difundir a nosa realidade lingüística fóra da comunidade autónoma galega.

2. Obxectivos específicos

2.1. A comunidade universitaria

- a) Garantir o coñecemento da lexislación lingüística e o respecto polos dereitos lingüísticos.
- b) Promover o aumento da presenza da lingua galega nas diferentes tarefas universitarias, especialmente naquelas en que o seu uso é moi escaso.
- c) Usar as novas tecnoloxías para a normalización lingüística.
- d) Potenciar a actitude de atender o/a cidadán/á ou o/a usuario/a en galego.
- e) Implicar todos os membros da comunidade universitaria no proceso de normalización lingüística e no desenvolvemento do plano da UDC.
- f) Difundir a realidade lingüística entre os membros da comunidade universitaria procedentes de ámbitos xeográficos non galegos.

2.2. O persoal docente e investigador

- a) Incrementar o uso da lingua galega como un dos idiomas instrumentais da docencia, procurando os recursos que apoiem a reciclaxe do profesorado e que posibiliten a comprensión do galego por parte do alumnado foráneo.
- b) Mellorar a competencia lingüística en galego do persoal docente e investigador.
- c) Aumentar o emprego da lingua galega nas tarefas de investigación e de divulgación dos coñecementos científicos.
- d) Promover entre o profesorado a cultura do respecto á diversidade lingüística e cultural como índice de calidade na docencia.

2.3. O estudiantado

- a) Incrementar o uso da lingua galega como un dos idiomas instrumentais no proceso de ensino-aprendizaxe.
- b) Consolidar a competencia lingüística en galego do estudiantado e favorecer o seu coñecemento por parte daquel que procede doutras áreas lingüísticas.
- c) Promover o emprego da lingua galega nos traballos de investigación, nos traballos de curso e nos exames.
- d) Favorecer o uso da lingua galega por parte do estudiantado.
- e) Promover a interacción lingüística en galego como norma habitual.

2.4. Persoal de administración e servizos

- a) Consolidar a lingua galega como idioma habitual de uso na xestión universitaria e mais nos servizos, tanto por escrito como oralmente.
- b) Mellorar a competencia lingüística en galego do persoal de administración e servizos.
- c) Garantir un coñecemento da lingua galega por parte do persoal de administración e servizos axustado ás necesidades lingüísticas do posto de traballo que ocupa.
- d) Garantir a corrección lingüística e de estilo de toda a documentación para usos internos e externos que xere a UDC.

2.5. Ámbito das relacións da UDC coa sociedade

- a) Dar apoio ás iniciativas que vinculen a UDC co seu contorno sociocultural e socioeconómico
- b) Sensibilizar a sociedade galega sobre o uso do galego.

3. Medidas

3.1. A comunidade universitaria

- a) Compromiso público efectivo de os cargos institucionais faceren uso do galego no desempeño da súa función representativa.
- b) Demanda da utilización da lingua galega en todos os organismos en que a Universidade da Coruña participa.
- c) Obriga de ter recollida e actualizada información lingüística relativa á UDC, con avaliación e seguimento da presenza do galego na docencia, na investigación e na xestión.
- d) Esixencia de cláusulas lingüísticas nas concesións dos servizos e nas actividades dos organismos xestionados pola UDC, con seguimento do seu cumprimento.
- e) Realización de campañas de sensibilización entre o PDI, o PAS e o alumnado na defensa do galego, así como a conmemoración dos días dedicados á defensa das linguas pola UNESCO (21 de febreiro) e polo Consello de Europa (26 de setembro).
- f) Realización de campañas de difusión dos dereitos lingüísticos para seren coñecidos, usados e reclamados por todos os membros da comunidade universitaria.
- g) Creación de comisións de normalización lingüística e elaboración de planos de normalización lingüística en todos os centros.
- h) Realización de cursos xerais e por especialidades científicas, enmarcados no proceso de formación do profesorado, do alumnado e do PAS, e dotados dos correspondentes incentivos que se fixaren para a asistencia a cursos de formación.
- i) Potenciación de convenios e intercambios de alumnos/as, profesores/as e persoal de administración e servizos coa área lusófona.
- j) Organización de actividades conxuntas con entidades culturais, asociativas, recreativas e deportivas do contorno da UDC para favorecer a normalización lingüística.

- m) Establecemento de fórmulas de colaboración con empresas e institucións locais co obxectivo de favorecer o emprego do galego, estender o seu uso e mellorar a súa valoración social.
- n) Deseño e realización de actuacións destinadas á análise crítica dos prexuízos existentes sobre o galego e o seu papel na Universidade.
- o) Información sobre os recursos existentes (correctores lingüísticos, tradutores, léxicos específicos etc.) e oferta destes ao conxunto da comunidade universitaria.
- p) Instalación das versións dispoñibles en galego de todo o software utilizado na Universidade da Coruña: xestión, laboratorios, aulas net e promoción de todo o software libre que exista en galego.
- q) Asesoramento lingüístico para os recursos docentes.
- r) Promoción da tradución de textos de tipo xeral relacionados coas diferentes titulacións e, complementariamente, uso das traducións portuguesas, para o que se fomentará a implicación dos servizos de publicación das universidades.
- s) Creación dunha web similar a www.softcatala.org, en colaboración coas outras universidades galegas, coa Xunta de Galicia e con outras institucións, para o que pode ser o punto de partida www.mancomun.org.
- t) Inclusión de cuestións sobre o uso do galego nas enquisas de avaliación do alumnado e do profesorado.
- u) Promoción dunha etiqueta cun certificado de normalización lingüística para páxinas web.
- v) Incluír nas competencias do/a valedor/a universitario/a a defensa dos dereitos lingüísticos dos membros da comunidade universitaria.
- x) Tendencia a que, nun prazo razoable, o Servizo de Publicacións publique, cando menos, un 50% dos seus volumes en galego.

3.2. O persoal docente e investigador

- a) Valoración do dominio oral e escrito do galego en calquera tipo de concurso a prazas de profesorado, dentro da tendencia a ofertar unha docencia en lingua galega en todas as titulacións que se equipare coa oferta en castelán.
- b) Inclusión nos programas de calidade da fixación de obxectivos, cuantificados e con prazos, de incorporación progresiva da docencia en galego, tanto en cada departamento como en cada titulación no seu conxunto.
- c) Establecemento dun mínimo de créditos troncais e obrigatorios, cando menos un terzo, para seren impartidos en idioma galego, tanto en cada departamento como en cada titulación no seu conxunto.
- d) Apoio instrumental ao profesorado que estea disposto a impartir a docencia en galego.
- e) Deseño e desenvolvemento de planos de formación que garantan a competencia oral e escrita e a mellora das actitudes e da valoración do idioma, elementos necesarios para desenvolver a actividade profesional en galego.
- f) Oferta de cursos de formación lingüística, tanto de galego oral e conversacional como escrito ou de especialidade.
- g) Procura do uso normal do galego en calquera tipo de cursos de formación que impartir a UDC.
- h) Impulso do desenvolvemento da investigación en lingua galega, pulando pola existencia de revistas e publicacións relevantes neste idioma. Concesión de axudas para a elaboración de publicacións, especialmente divulgativas, en galego, así como para a realización de traballos de investigación en lingua galega.
- i) Recomendación de que aquel profesorado que non imparte a docencia en galego cando menos faga referencia á terminoloxía correspondente nesta lingua.
- l) Tendencia a que as materias se vinculen coa realidade galega e co galego.
- m) Solicitar ao profesorado que estimule a participación activa do alumnado nas aulas en lingua galega.
- n) Tendencia á docencia en galego dos novos grupos de materias xa existentes que se desdobrearen por calquera motivo (número de persoas matriculadas etc.).
- o) Difusión de información sobre editoriais en lingua portuguesa para favorecer o emprego de bibliografía, sobre todo manuais, nesa lingua, en ausencia de referencias en galego.

3.3. O estudantado

- a) Fomento entre o alumnado do valor da diversidade lingüística, do multilingüismo e do aprecio pola lingua galega como distintivos de modernidade e universalidade.
- b) Organización de cursos específicos de lingua galega que respondan ás necesidades lingüísticas do estudantado e que cumpran os seguintes requisitos: computaren como créditos de libre configuración para estudantes procedentes doutros ámbitos educativos diferentes do galego ou, se se tratar de cursos de alta especialización para estudantes da comunidade galega, seren gratuítos e seren impartidos en distintas franxas horarias para facilitar a asistencia.
- c) Oferta de cursos de galego gratuítos e de actividades de integración cultural para o estudantado de fóra da comunidade lingüística galega.
- d) Oferta ao alumnado de vocabularios e outros materiais bibliográficos en lingua galega da súa especialidade.
- e) Recoñecemento da maior promoción profesional que pode supor o dominio do galego tanto na nosa comunidade como en Portugal.
- f) Axudas para a realización das teses de licenciatura, de doutoramento e doutros traballos de investigación en lingua galega.
- g) Difusión dos dereitos lingüísticos do alumnado e garantías do seu respecto por toda a comunidade universitaria.
- h) Garantía de que o alumando poida recibir e realizar os exames en galego.
- i) Estimulación ao alumnado para este participar activamente nas aulas en lingua galega.
- l) Vinculación parcial ao uso do galego das axudas ás asociacións estudantís.
- m) Incorporación nas titulacións de contidos sociolingüísticos e pedagóxicos para formar axentes normalizadores do galego.

3.4. O persoal de administración e servizos

- d) Divulgar axeitadamente a normativa relacionada co uso do galego e recomendar periodicamente o seu cumprimento.
- b) Afondar na formación do persoal de administración e servizos organizando cursos de lingua galega, en horario de traballo e nos dous campus da Universidade:
 - a. Xerais.
 - b. Específicos, en función das necesidades de cada posto, prestando especial atención á competencia lingüística oral nos servizos de atención directa ao público.
- c) Garantir que o plano de formación permanente do PAS se desenvolva en galego, facilitando o asesoramento preciso.
- d) Pór en valor a formación en lingua galega tanto nos procesos de selección como nos de promoción, incorporando un técnico en normalización como asesor dos tribunais nas probas para garantir a adecuación das esixencias ás funcións de cada posto.
- e) Explotar as novas tecnoloxías como vehículo normalizador e de formación, pór a disposición de todos os servizos versións en galego de programas e correctores lingüísticos; organizar accións formativas non presenciais e asesorar os servizos encargados da creación das páxinas web.
- f) Fomentar a creación de comisións dentro de cada área que se encarguen, co asesoramento do servizo de normalización, da creación de formularios e documentación de uso común en galego.
- g) Impulsar a inclusión nos manuais de funcións das distintas categorías profesionais, nos manuais de procedemento dos servizos e nas cartas de servizos dos centros das normas necesarias para garantir que se utilice o galego como idioma de inicio na atención ao público.
- h) Incluír nas convocatorias, tanto de concurso oposición como de concurso de traslados, un capítulo para a baremación da competencia en lingua galega.
- i) Establecer nos informes de avaliación de calidade e no plano estratéxico da Universidade, índices de medición da calidade en función da atención e do uso do galego.
- l) Ofertar todas as ferramentas informáticas necesarias para o desempeño da súa función en galego.

3.5. Ámbito das relacións da UDC coa sociedade

- a) Potenciar a investigación sobre a situación sociolingüística.
- b) Potenciar o papel da UDC como axente dinamizador do uso do galego na sociedade.
- c) Colaborar con outras institucións e con outros organismos, nomeadamente coas demais universidades galegas, na organización de actividades que fomenten e melloren o uso da lingua galega na sociedade.

Por último, a respecto do Servizo de Normalización Lingüística débense ter en conta as seguintes medidas específicas:

- a) Centrar as funcións do SNL nas tarefas de asesoramento e apoio na elaboración e avaliación dos planos de normalización tanto dos centros como xeral da Universidade.
- b) Coordinar o SNL cos das outras universidades galegas para optimizar e compartir recursos, experiencias etc.
- c) Impulsar un servizo de terminoloxía que sexa aberto e participativo para toda a comunidade galega.
- d) Apoiar a corrección dos materiais de aula empregados polo profesorado.
- e) Elaborar e difundir vocabularios específicos.
- f) Apoiar tecnicamente o profesorado para a elaboración e a tradución de material bibliográfico básico.
- g) Elaborar e editar materiais e recursos para o ensino en lingua galega.


4. Consideracións finais

Para a elaboración deste plano de normalización lingüística partiuse da análise da situación sociolingüística na UDC baseada en datos do ano 2003. En consecuencia, resulta conveniente revisar estes periodicamente, de modo que se dispoña dunha actualización constante da información ao respecto. Nesta tarefa, así como en todas as demais derivadas da posta en vigor do presente plano, deberán implicarse os diferentes estamentos e servizos da Universidade, pois a normalización lingüística debe ser unha responsabilidade compartida por toda a comunidade universitaria.

Será esa información actualizada a que permita avaliar adecuadamente de forma periódica os resultados derivados da aplicación do Plano e, por tanto, comprobar a eficiencia das medidas levadas a cabo, para o cal o Consello de Goberno nomeará unha comisión estable de seguimento do Plano.

O Consello de Goberno da UDC, finalmente, dotará o Plano cos recursos materiais e humanos necesarios para a súa posta en funcionamento.





UNIVERSIDADE DA CORUÑA